

## INFORMACIÓN RELATIVA Á COBERTURA DO SEGURO DE ACCIDENTES “CARTÓNS DE NAVEGANTES”

O seguro, concertado coa compañía aseguradora *MGS, Seguros e Reaseguros*, cubre os **accidentes acaecidos polos navegantes participantes en actividades organizadas por Culturmar así como asociacións federadas independentemente de que estén ou non contempladas no calendario oficial de Culturmar e sempre e cando sexan actividades relacionadas co fin social da federación (regatas, xuntanzas, concentracións, encontros de embarcacións tradicionais, etc.)**

Deste xeito quedan excluídos os accidentes acaecidos con motivo da navegación libre dos asegurados.

Así mesmo quedan excluídos os accidentes acaecidos en actividades organizadas en terra tales como labores de mantemento das embarcacións ou montaxe de mostras e exposición; limitándose o seguro á navegación. Polo contrario estarían aseguradas os accidentes sufridos con motivo da preparación dunha actividade de navegación (p. ex: varada ou amarres de embarcación) que aínda ocorrido en terra enténdese que son precisos para a navegación.

### 1. Garantías e Capitais asegurados:

- Falecemento por accidente	12.000,00
- Invalidez permanente parcial por accidente ata (segundo baremo)	18.000,00
- Invalidez permanente absoluta por accidente	18.000,00
- Asistencia sanitaria	Incluída

### 2. Exclusións:

- Quedan excluídos os maiores de 70 anos das indemnizacións por invalidez permanente (parcial e absoluta). Si quedaría cuberto a indemnización e garantías por falecemento e asistencia sanitaria por accidente.
- Quedan excluídos os menores de 14 anos da indemnización por falecemento. Si que quedarían cubertos os gastos de traslado(ata 600€) e sepelio(ata 1500 euros).
- Quedan excluídos os accidentes acaecidos con motivo dos desprazamentos de ida e volta para acudir ás actividades cubertas na descripción do risco.

### 3. Especificacións Asistencia Sanitaria:

- Están cubertos por esta garantía os gastos médicos, hospitalarios e farmacéuticos que se produzan ata o total curación do asegurado cun máximo de 365 días.
- Quedan excluídos os aparatos ortopédicos, estando incluídas as prótesis internas.
- A atención sanitaria será prestada en España sen límite algún no seu importe en centros médicos concertados. En caso de accidente, o asegurado deberá contactar inmediatamente co teléfono de **MGS asistencia 902.12.08.63 (opcións 4-1-1) ou 917.572.404** indicando o **CIF da federación G-36.231.561, o nome, DNI do ferido** e tipo de lesión para a xestión do seu traslado e derivación ao centro de saúde/hospital concertado mais cercano. Este teléfono está operativo as 24 horas do día.

Tralo accidente é **MOI IMPORTANTE** comunicar a Culturmar (como tomador da póliza) o sinistro dentro do prazo MÁXIMO de 7 días para a apertura do parte de accidentes coa aseguradora.

- Cando a asistencia sea prestada por médicos e establecementos de libre elección do asegurado, os custes quedarán limitados a 600€.
- Cando o accidente ocorra no extranxeiro a indemnización en concepto de asistencia sanitaria limitarase a 6.000 euros.

#### 4. Especificacións accidente en itínera.

Por regra xeral quedan excluídos os accidentes acaecidos con motivo dos desprazamentos de ida e volta para acudir ás actividades cubertas na descripción do risco.

Quedan incluídos os accidentes acaecidos no desprazamento a un actividade se se realizan por mar e dentro dunha navegación organizada polo colectivo ou por culturmar, sendo pois considerada navegación baixo o seo dunha organización pero excluíndose novamente os accidentes no desprazamento se se realizan baixo navegación libre.

#### 5. Custe do seguro anual por asegurado

- Xeral: Maiores de idade: 10€/ano

- Reducido: Menores de 18 anos, maiores de 70 anos: 5€/ano

#### 6. Información

Esta información pódese consultar no enderezo <https://culturmar.org/seguro/> ou a través do código QR impreso no propio cartón.

